



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POR O PLENO DO CONCELLO O DÍA 3 DE XULLO DE 2019.

En Laxe, sendo as 18:00 horas do día 3 de xullo de 2019, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o Alcalde José Luis Pérez Añón presidindo o Pleno e os concelleiros:

Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dna. Raquel Lema Allo (PP)
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)

Don Jose Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)
Don Francisco Javier Hermo Vales (PSdeG PSOE)
Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)
Don Manuel Esmorís Cotelo (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)

Actúa como Secretaria deste Concello, Dona Begoña Carrasco García.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese á análise dos puntos incluídos na Orde do Día:

1.- APROBACIÓN BORRADOR ACTA SESIÓN ANTERIOR.

Sométese á aprobación do Pleno o borrador da acta da sesión extraordinaria do 15 de xuño de 2019.

Sometida a aprobación, queda aprobada por unanimidade dos presentes.

2.- DAR CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, ASÍ COMO DOS SEUS INTEGRANTES E PORTAVOCES.

Dase conta da constitución dos grupos políticos mediante a presentación de escrito ao respecto presentado nas oficinas municipais os días 17 e 20 de xuño coa designación dos seguintes portavoces:

GRUPO MUNICIPAL PP:

Titular: Francisco Charlín Oróns
Suplente: Diego Soto Pereiro

GRUPO MUNICIPAL PSdeG-PSOE:

Titular: José Manuel Mouzo Castiñeira
Suplente: Francisco Javier Hermo Vales

BNG:

Titular: Xosé Manuel Pose Lema



Non obstante o anterior, e entendéndose que está vixente o artigo 74 da Lei de Réximen Local de Galicia, que dispón que se integrarán no grupo mixto os membros dos partidos que non obtivesen un mínimo de dous escaños, o representante do Bloque Nacionalista Galego pasa a integrar o Grupo mixto.

3.- DACIÓN CONTA DAS RESOLUCIÓNS ALCALDÍA DE NOMEAMENTOS DE TENENTES DE ALCALDE, DELEGACIÓNS DE FUNCIÓNS ASÍ COMO DELEGACIÓN DE ATRIBUCIÓNS NA XUNTA DE GOBERNO.

D. Xosé Manuel Pose Lema, fai constar que non foron remitidos xunto coa convocatoria nin as resolucións citadas nin os escritos de constitución dos grupos municipais e expresa o seu desexo de que as convocatorias se realicen en igual forma que se viñan facendo ata o de agora.

Manifesta D. José Luis Pérez Añón que foi un erro e que os pode examinar en calqueira momento nas oficinas municipais.

Dende Secretaría informárselle que é unha dación conta e que se dará copia das citadas resolucións ao rematar o Pleno.

Transcríbese a continuación os decretos referidos que poden ser examinados nas oficinas municipais:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: nomeamento de tenentes de alcalde

Expediente nº. 2019/G003/000507

En exercizo das atribucións conferidas polos artigos 21.2 e 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, artigos 61 e 62 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e artigo 46 do ROF, esta Alcaldía

RESOLVE:

1.- Nomear pola orde que se cita aos seguintes Tenentes de Alcalde:

1º Tenente de Alcalde: Francisco Charlín Oróns

2º Tenente de Alcalde: Diego Soto Pereiro

Lles corresponde aos Tenentes de Alcalde substituir na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a éste para o exercizo das súas funcións, así como desempeñar as funcións de Alcalde no suposto de vacante na Alcaldía ata a toma de posesión do novo Alcalde.

2.- Notifíquese esta Resolución aos interesados e publíquese no Boletín Oficial de la Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao desta Resolución, dándose conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

En Laxe.

O alcalde,

José Luis Pérez Añón

A secretaria interventora,

Begoña Carrasco García”



“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente nº. 2019/G003/000508

En exercizo das atribucións conferidas polos artigos 23.4 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, artigo 61 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e artigo 46 do ROF, esta Alcaldía, logo das correccións de erros efectuadas,

RESOLVE:

- 1.- Delegar no Concelleiro e 1º Tenente de Alcalde, Francisco Charlín Oróns, as funcións da área de Deporte e Pesca.*
- 2.- Delegar no Concelleiro e 2º Tenente de Alcalde, Diego Soto Pereiro, as funcións da área de Xuventude, Festas e Medio Ambiente.*
- 3.- Delegar na Concelleira, Sandra Mouzo Pose, as funcións da área de Servizos Sociais, Emprego e Igualdade.*
- 4.- Delegar no Concelleiro, Elogio Constantino Castiñeira, as funcións da área de Personal, Obras e Servizos.*
- 5.- Delegar na Concelleira, Raquel Lema Allo, as funcións da área de Comercio, Hostelería e Turismo.*

A presente delegación comprende as atribucións de dirección e xestión, pero non a de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

6.- Notifíquesele esta Resolución aos interesados e publíquese no Boletín Oficial de la Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao desta Resolución, dándose conta ao Pleno na primeira sesión que se realice.

En Laxe.

*O alcalde,
José Luis Pérez Añón*

*A secretaria interventora,
Begoña Carrasco García”*

“DECRETO DE ALCALDÍA

*Asunto: NOMEAMENTO XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Expediente nº 2019/G003/000512*

En exercicio das atribucións conferidas polos art. 23 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, art. 65 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia, e artigo 52 do ROF, esta Alcaldía

ACORDA:

- 1.-Nomear para o suposto da súa creación polo Pleno da Corporación, aos seguintes concelleiros como membros da Xunta de Goberno Local:
D. Francisco Charlín Oróns
Dna. Sandra Mouzo Pouse
D. Diego Soto Pereiro*
- 2.-Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións concretas que me asigna como delegables a lexislación vixente:*



--- *As aprobacións dos instrumentos de plan de desenvolvemento do plan xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización.*

--- *A celebración dos contratos privados, así como a adjudicación de concesións sobre os bens das mesmas e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial cando o orzamento basee de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros, así como o alleamento do patrimonio, cando o seu valor non supere a porcentaxe nin a contía indicados.*

3.-Notifíquese esta Resolución aos interesados e publíquese no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte ao desta Resolución, dándose conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre.

Mándao e asínao en Laxe

Ou alcalde

José Luís Pérez Añón

Secretaria-Interventora

Begoña Carrasco García"

4.- APROBACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: PERIODICIDADE SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

O Art. 46 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, dentro do Capítulo destinado ao Réxime de Funcionamento, e o art. 210 da Lei 5/1997, do 5 de Xullo, de Administración Local de Galicia, sinalan que os órganos colexiados das Entidades Locais funcionan en réxime de sesións ordinarias de periodicidade preestablecida, e extraordinarias.

Esta periodicidade das sesións ordinarias corresponde fixala ao Pleno da Corporación dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva.

Por todo iso, esta Alcaldía propón a fixación das Sesións Ordinarias do Pleno os últimos xoves de cada mes impar ás 21:00 horas.

*Laxe, 26 de xuño de 2019
O ALCALDE-PRESIDENTE,
ASDO.) José Luis Pérez Añón*

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro y Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Don Francisco Javier Hermo Vales, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobada por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte

ACORDO:

ÚNICO: Fixar as sesións ordinarias do Pleno os últimos xoves de cada mes impar ás 21:00 horas.



5.- CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: CREACIÓN E COMPOSICIÓN COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

O art. 20 da Lei de Bases de Réxime Local e o art. 59 da Lei de Administración Local de Galicia, sinalan que os municipios teñen a potestade de auto organización sen outro límite que o respecto ás regras de organización Municipal establecidas na lexislación básica do Estado e a da Comunidade Autónoma, que dispoñen a existencia dunha organización necesaria e unha organización complementaria.

Neste sentido, e dentro da organización complementaria municipal, poderanse crear comisións informativas, isto é, comisións de estudo, informe ou consulta cando se estimen conveniente, cuxo labor é preparar os asuntos que se deben someter despois a consideración do Pleno, e no seu caso, da Xunta de Goberno Local, aínda que se engade que estas comisións responderán, entre outros, aos principios de eficacia e economía organizativa. A creación e composición destas comisións informativas permanentes decidíranse no Pleno correspondente dentro dos 30 días seguintes ao da sesión de constitución.

Por todo iso, esta Alcaldía, dadas as características do municipio e co fin de procurar o seu mellor funcionamento, propón ao Pleno a creación dunha única Comisión Informativa permanente que é a Comisión Especial de Contas cuxo obxecto sería o exame, estudo e informe de todas as contas que deba aprobar o Pleno, e coa seguinte composición: 4 representantes do Grupo municipal do Partido Popular, 2 representante do Grupo municipal do Partido Socialista, 1 representante do grupo mixto.

Esta comisión permanente, debe entenderse sen prexuízo daquelas comisións especiais, non permanentes, que puidesen crearse cando algúns asuntos concretos así o demandasen.

*Laxe, 26 de xuño de 2019
O ALCALDE-PRESIDENTE,*

ASDO.) José Luis Pérez Añón

Os integrantes da Comisión de contas, por indicación dos portavoces, son:

Don José Luis Pérez Añón (PP)
Don Francisco Charlín Oróns (PP)
Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Diego Soto Pereiro (PP)

Don Jose Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)
Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Grupo Mixto, representante do BNG)

Pregunta Don Xosé Manuel Pose Lema, pola intención de crear outras comisións especiais.
Responde Don José Luis Pérez Añón que por agora créase a Comisión de contas e que co tempo se valorará.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro y Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Don Francisco Javier Hermo Vales, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).



VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobada por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte

ACORDO:

Crear unha única Comisión Informativa permanente que é a Comisión Especial de Contas cuxo obxecto sería o exame, estudo e informe de todas as contas que deba aprobar o Pleno, e coa seguinte composición: 4 representantes do Grupo Popular, 2 representante do Grupo municipal do Partido Socialista, 1 representante do grupo mixto.

Don José Luis Pérez Añón (PP)

Don Francisco Charlín Oróns (PP)

Dna. Sandra Mouzo Pose (PP)

Don Diego Soto Pereiro (PP)

Don José Manuel Mouzo Castiñeira (PSdeG PSOE)

Dna. Bárbara Varela Álvarez (PSdeG PSOE)

Don Xosé Manuel Pose Lema (Grupo Mixto, representante do BNG)

6.- CREACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS E ATRIBUCIÓNS.

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: CREACIÓN XUNTA DE GOBERNO LOCAL, PERIODICIDADE SESIÓNS ORDINARIAS E ATRIBUCIÓNS.

O artigo 20.1 da LBRL e o art. 59.2 da LALGA, establecen que a Xunta de Goberno Local, existirá nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes e nos de menos, cando así o dispoña o Regulamento Orgánico ou o acorde o Pleno da Corporación. Así mesmo sinalase que o Pleno fixará, no seu caso, a periodicidade das sesións ordinarias desta Xunta de Goberno.

Por outra banda, en canto ás súas atribucións, a esta Xunta de Goberno correspóndelle a asistencia ao Alcalde e aquelas atribucións que o Alcalde ou outro órgano municipal lle delegue.

En base ao anterior, esta Alcaldía co fin de xestionar mellor os asuntos do municipio, propón ao Pleno a creación da Xunta de Goberno Local, que se integraría polo propio Alcalde e tres concelleiros, e a celebración das sesións ordinarias os primeiros e terceiros luns de cada mes, ás 21:00 horas.

Así mesmo propónse que o Pleno delegue nesta Xunta de Goberno Local todas as atribucións ou competencias que sexan delegables por Lei, e sen prexuízo das atribucións que a Alcaldía delegue no devandito órgano, concretamente as establecidas nos apartados j,k,m e ñ do artigo 22 da lei de Bases de réxime local.

--- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

--- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

--- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando



o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

--- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Así como o disposto no D.A. 2ª da Lei 9/2017 de contratos do sector público, cando se superen os límites establecidos para a contratación da Alcaldía, é dicir

---A adxudicación das contratacións e concesións de toda clase cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.

Así como a adquisición de bens e dereitos e alleamento do patrimonio cando se superen os límites establecidos no apartado 9 do D.A. 2ª da Lei 9/2017 de contratos do sector público,

--Celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoables e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente (cando o orzamento basee de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros), e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

Laxe, 26 de xuño de 2019

O ALCALDE-PRESIDENTE,

ASDO.) José Luis Pérez Añón

Intervén D. José Manuel Mouzo Castiñeira, manifestando que o seu voto vai ser en sentido negativo, facendo referencia a que na sesión plenaria de 9 de xuño de 2015 o partido popular non estaba dacordo coa creación da Xunta de Goberno argumentado a súa negativa pola maior información.

Responde Don José Luís Pérez Añón, dicindo que antes había Xunta de portavoces e agora non a vai a haber e que considera mais efectiva a Xunta de Goberno.

Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema, manifestando o seu desacordo coa creación da Xunta de Goberno, entre outros motivos pola opacidade posto que aínda non sabe quen son os seus membros.

Responde o Sr. Alcalde por indicación de Secretaría, dicindo que a designación está nas Resolucións de Alcaldía e indica que forma parte da Xunta de Goberno os concelleiros: Don Francisco Charlín Oróns (PP), Dna. Sandra Mouzo Pose (PP) e Don Diego Soto Pereiro (PP), asumindo o propio Alcalde a Presidencia.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro y Don Eulogio Constantino Catíñeira).

VOTOS EN CONTRA: 5 [4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Don Francisco Javier Hermo Vales, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Coteló) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobada maioría absoluta a adopción do seguinte

ACORDO:



PRIMEIRO: *Crear a Xunta de Goberno Local, que se integraría polo propio Alcalde e tres concelleiros, e a celebración das sesións ordinarias os primeiros e terceiros luns de cada mes, ás 21:00 horas.*

SEGUNDO: *Delegar na Xunta de Goberno Local as seguintes atribucións:*

--- O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da corporación en materias de competencia plenaria.

--- A declaración de lesividade dos actos do Concello.

--- A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Orzamento -salvo as de tesouraría, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior- todo iso de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais.

--- A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, e cando aínda non estean previstos nos orzamentos.

Así como o disposto no D.A. 2ª da Lei 9/2017 de contratos do sector público, cando se superen os límites establecidos para a contratación da Alcaldía, é dicir

---A adxudicación das contratacións e concesións de toda clase cando o seu valor estimado supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento e en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades supere a porcentaxe indicada, referido aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, ou a contía sinalada.

Así como a adquisición de bens e dereitos e alleamento do patrimonio cando se superen os límites establecidos no apartado 9 do D.A. 2ª da Lei 9/2017 de contratos do sector público,

--Celebrar contratos privados, a adxudicación de concesións sobre os bens da Corporación e a adquisición de bens inmoebles e dereitos suxeitos á lexislación patrimonial así como o alleamento do patrimonio cando non estean atribuídas ao Alcalde ou ao Presidente (cando o orzamento basee de licitación, nos termos definidos no artigo 100.1, non supere o 10 por cento dos recursos ordinarios do orzamento nin o importe de tres millóns de euros), e dos bens declarados de valor histórico ou artístico calquera que sexa o seu valor.

7.- NOMEAMENTO REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS.

PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: DESIGNACIÓN REPRESENTANTE CORPORACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS. REPRESENTANTE CONSELLOS ESCOLARES.

O artigo 38 do ROF sinala que dentro dos 30 días seguintes ao da sesión constitutiva, o Pleno da Corporación deberá resolver, entre outros asuntos, sobre o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno.

En base ao anterior, esta Alcaldía co fin de xestionar mellor os intereses do municipio, propón ao Pleno da Corporación a designación ou nomeamento dos seguintes concelleiros como representantes municipais nos consellos escolares:

Don Francisco Charlín Oróns, como representante ante o Consello escolar de CPI Cabo dá Area, Escola Unitaria de Torrexallóns e Escola Unitaria De Traba.



Actuando en representación do Concello ante o CMAT, GALP e GDR o propio Alcalde.

Laxe, 26 de xuño de 2019

EL ALCALDE-PRESIDENTE,

ASDO.) José Luis Pérez Añón

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro y Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Don Francisco Javier Hermo Vales, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobada por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Designar a Don Francisco Charlín Oróns, como representante ante o Consello Escolar do CPI Cabo da Area, Escola Unitaria de Torrexallóns e Escola Unitaria de Traba.

Actuando en representación do Concello ante a CMAT, GALP e GDR o propio Alcalde.

8.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: INDEMNIZACIÓNS E ASISTENCIAS MEMBROS DA CORPORACIÓN.

O art. 75 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril), dentro do capítulo V dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, establece o réxime legal nesta materia de retribucións, indemnizacións e asistencia dos membros da Corporación.

1. Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.



3. *Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.*

4. *Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.*

5. *As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.*

Á vista do mesmo, e en aras de garantir o bo funcionamento desta Corporación e a necesaria dedicación no exercicio dos cargos públicos, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte réxime de indemnizacións e asistencias.

I.- INDEMNIZACIÓNS: Polos gastos efectivamente ocasionados no exercicio do cargo, as contías de:

Dietas de quilometraxe: 0,19 €/km. no suposto de uso do vehículo particular.

Para a determinación da contía das dietas por manutención e aloxamento estarase ao disposto no grupo 1 do Anexo I do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

II.- ASISTENCIAS: Pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que forman parte, os membros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán unha asistencia na contía de 50,00 € sesión do Pleno, 100,00 € sesión de Xunta de Goberno e 50,00 € Comisións Informativas.

*Laxe, 26 de xuño de 2019
O ALCALDE-PRESIDENTE,*

ASDO.) José Luis Pérez Añón

Intervén D. José Manuel Mouzo Castiñeira, manifestando que o seu voto vai ser en sentido negativo, facendo referencia a que non se cobraba nada pola deuda do Concello e entende que non se debe cobrar nada ata que sexa amortizada toda a débeda.

Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema, manifestándose na mesma liña pero matizando que coas indemnizacións está de acordo, non coas asistencias que as considera un agravio con respecto aos concelleiros que non teñen dedicación.

Responde Don José Luís Pérez Añón manifestando que os órganos de goberno teñen atribucións, responsabilidades voto e firma e que por iso deben cobrar.

Explica que agora se establecen 2 dedicacións parciais e 1 exclusiva e antes había 1 parcial e 2 exclusivas, que a diferenza vai nas asistencias, por iso non se incrementa o custo para o Concello e pregunta se queren renunciar ás asistencias.

Contesta D. José Manuel Mouzo Castiñeira dicindo que eles renuncian se renuncian todos.

Intervén Don José Luís Pérez Añón volvendo dicir que non supón mais gasto.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro y Don Eulogio Constantino Catiñeira).

VOTOS EN CONTRA: 5 [4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Don Francisco Javier Hermo Vales, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

ABSTENCIÓNS: 0



Polo que queda aprobada por maioría absoluta, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar as seguintes contías en concepto de indemnizacións: Polos gastos efectivamente ocasionados no exercicio do cargo, as contías de:

Dietas de quilometraxe: 0,19 €/km. no suposto de uso do vehículo particular.

Para a determinación da contía das dietas por manutención e aloxamento estarase ao disposto no grupo 1 do Anexo I do Real Decreto 462/2002 de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

SEGUNDO: Aprobar as seguintes contías en concepto de asistencias:

Pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da corporación de que forman parte, os membros que non teñan dedicación exclusiva ou parcial, percibirán unha asistencia na contía de 50,00 € sesión do Pleno, 100,00€ sesión de Xunta de Goberno e 50,00 € Comisións Informativas.

9.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA DEDICACIÓN PARCIAL DA ALCALDÍA E DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: DEDICACIÓN PARCIAL ALCALDÍA E DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE CON SEGUNDO POSTO DE TRABALLO.

O art. 75 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril), dentro do capítulo V dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, establece o réxime legal nesta materia de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

1. Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.



4. Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

5. As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Á vista do mesmo, e en aras de garantir o bo funcionamento desta Corporación e a necesaria dedicación no exercicio dos cargos públicos, esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte réxime de dedicacións, previa declaración de compatibilidade da dedicación parcial da Alcaldía co desempeño do seu posto de traballo no SERGAS.

Dedicación parcial a favor da Alcaldía, polo importe de 1.423,39 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario. O réxime de presenza efectiva nas oficinas municipais sería de 11.30 a 15.00 horas.

En base ao anterior propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Recoñecer e declarar a compatibilidade da dedicación parcial da Alcaldía co seu posto de traballo no SERGAS.

SEGUNDO: Aprobar o seguinte réxime de dedicación:

Dedicación parcial a favor da Alcaldía, polo importe de 1.423,39 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario. O réxime de presenza efectiva nas oficinas municipais sería de 11.30 a 15.00 horas.

TERCEIRO: Comunicar ao SERGAS, en cumprimento do artigo 5 da Lei 53/1984, a xornada de traballo e retribución a percibir.

*Laxe, 26 de xuño de 2019
O ALCALDE-PRESIDENTE,*

ASDO.) José Luis Pérez Añón

Intervén D. José Manuel Mouzo Castiñeira, manifestando que o seu voto vai ser en sentido negativo, xa que pensa que a dedicación da Alcaldía debería ser exclusiva.

Intervén Don Xosé Manuel Pose Lema, manifestando que o seu voto vai ser de abstención polo mesmo motivo, entende que a dedicación debería ser exclusiva que a política hai que dignificala e compensala.

Responde Don José Luís Pérez Añón afirmando que a Alcaldía se pode levar cunha dedicación parcial e que se non é suficiente ampliará o horario, di que aínda que sexa unha dedicación parcial non quere dicir que vaia a traballar menos para o Concello, e indica que polas tardes estará no Concello.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 6 [6 do PP(Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro y Don Eulogio Constantino Catiñeira).

VOTOS EN CONTRA: 4 [4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Don Francisco Javier Hermo Vales, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo) **ABSTENCIÓNS: 1** [1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).



Polo que queda aprobada por maioría absoluta, a adopción do seguinte

ACORDO:

PRIMEIRO: Recoñecer e declarar a compatibilidade da dedicación parcial da Alcaldía co seu posto de traballo no SERGAS.

SEGUNDO: Aprobar o seguinte réxime de dedicación:

Dedicación parcial a favor da Alcaldía, polo importe de 1.423,39 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario. O réxime de presenza efectiva nas oficinas municipais sería de 11.30 a 15.00 horas.

TERCEIRO: Comunicar ao SERGAS, en cumprimento do artigo 5 da Lei 53/1984, a xornada de traballo e retribución a percibir.

10.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA DEDICACIÓN PARCIAL DA CONCELEIRA DELEGADA DE COMERCIO, HOSTELERÍA E TURISMO.

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: DEDICACIÓN PARCIAL CONCELEIRA DELEGADA DE COMERCIO HOSTELERÍA E TURISMO

O art. 75 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril), dentro do capítulo V dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, establece o réxime legal nesta materia de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

1. Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.

No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

4. Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobo o pleno corporativo.



5. As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Á vista do mesmo, e en aras de garantir o bo funcionamento desta Corporación e a necesaria dedicación no exercicio dos cargos públicos, esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte réxime de dedicación a favor da concelleira delegada de Comercio Hostalaría e Turismo:

Dedicación parcial a favor da concelleira delegada de Comercio Hostalaría e Turismo, polo importe de 545,00 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario. O réxime de presenza efectiva nas oficinas municipais será de 15 horas semanais. O presente acordo fornecerá efectos a partir da súa aprobación, e sempre que polo concelleiro acéptese expresamente o desempeño do seu cargo con dedicación parcial.

Laxe, 26 de xuño de 2019
O ALCALDE-PRESIDENTE,

ASDO.) José Luis Pérez Añón

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro y Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Don Francisco Javier Hermo Vales, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobada por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte **ACORDO:**

ÚNICO: Aprobar a dedicación parcial a favor da concelleira delegada de Comercio Hostalaría e Turismo, polo importe de 545,00 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario. O réxime de presenza efectiva nas oficinas municipais será de 15 horas semanais. O presente acordo surtirá efectos a partir da súa aprobación, e sempre que polo concelleiro se acepte expresamente o desempeño do seu cargo con dedicación parcial.

11.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSOAL, OBRAS E SERVIZOS.

PROPOSTA DE LA ALCALDÍA

ASUNTO: DEDICACIÓN EXCLUSIVA A FAVOR DO CONCELLEIRO DELEGADO DE PERSONAL, OBRAS E SERVIZOS.

O art. 75 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local (Lei 7/1985, de 2 de abril), dentro do capítulo V dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, establece o réxime legal nesta materia de retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación.

1. Os membros das Corporacións locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva, nese caso serán dados de alta no Réxime xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior.



No suposto de tales retribucións, a súa percepción será incompatible coa doutras retribucións con cargo aos orzamentos das Administracións públicas e dos entes, organismos ou empresas delas dependentes, así como para o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.

2. Os membros das Corporacións locais que desempeñen os seus cargos con dedicación parcial por realizar funcións de presidencia, vicepresidencia ou ostentar delegacións, ou desenvolver responsabilidades que así o requiran, percibirán retribucións polo tempo de dedicación efectiva ás mesmas, nese caso serán igualmente dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social en tal concepto, asumindo as Corporacións as cotas empresariais que corresponda, salvo o disposto no artigo anterior. Ditas retribucións non poderán superar en ningún caso os límites que se fixen, no seu caso, nas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. Nos acordos plenarios de determinación dos cargos que leven aparelada esta dedicación parcial e das retribucións dos mesmos, deberase conter o réxime da dedicación mínima necesaria para a percepción das devanditas retribucións.

Os membros das Corporacións locais que sexan persoal das Administracións públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes soamente poderán percibir retribucións pola súa dedicación parcial ás súas funcións fóra da súa xornada nos seus respectivos centros de traballo, nos termos sinalados no artigo 5 de a Lei 53/1984, de 26 de decembro, sen prexuízo do disposto no apartado sexto do presente artigo.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

4. Os membros das Corporacións locais percibirán indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

5. As Corporacións locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións e asistencias a que se fai referencia no catro números anteriores, dentro dos límites que con carácter xeral establézanse, no seu caso. Deberán publicarse integramente no "Boletín Oficial" da Provincia e fixarse no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes a retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación destes últimos, indemnizacións e asistencias, así como os acordos do Presidente da Corporación determinando os membros da mesma que realizarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

Á vista do mesmo, e en aras de garantir o bo funcionamento desta Corporación e a necesaria dedicación no exercicio dos cargos públicos, esta Alcaldía propón ao Pleno o seguinte réxime de dedicación a favor do concelleiro delegado de persoal, obras e servizos.

Dedicación exclusiva a favor do concelleiro delegado de persoal, obras e servizos polo importe de 1.820,48 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario. O presente acordo fornecerá efectos a partir da súa aprobación, e sempre que polo concelleiro se acepte expresamente o desempeño do seu cargo con dedicación exclusiva.

Laxe, 26 de xuño de 2019

O ALCALDE-PRESIDENTE,

ASDO.) José Luis Pérez Añón

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a proposta, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 11 [6 do PP (Don José Luis Pérez Añón, Don Francisco Charlín Oróns, Dna. Raquel Lema Allo, Dna. Sandra Mouzo Pose, Don Diego Soto Pereiro y Don Eulogio Constantino Catiñeira) 4 do PSdeG-PSOE (Don José Manuel Mouzo Castiñeira, Don Francisco Javier Hermo Vales, Dona Bárbara Varela Álvarez, Don Manuel Esmorís Cotelo) 1 do Grupo Mixto, representante do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema).

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo que queda aprobada por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte **ACORDO:**



CONCELLO DE LAXE
(A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, 26 CP 15117 Telf. 981706903 | e-mail: correo@laxe.es

ÚNICO: Aprobar a Dedicación exclusiva a favor do concelleiro delegado de persoal, obras e servizos polo importe de 1.820,48 € brutos mensuais, 14 pagas actualizables anualmente en función do disposto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal funcionario. O presente acordo surtirá efectos a partir da súa aprobación, e sempre que polo concelleiro se acepte expresamente o desempeño do seu cargo con dedicación exclusiva.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 18.20 horas do día ao principio indicado, de todo o cal eu Secretario dou fe.